

**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA5 de xullo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

**VOGAIS**

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

D. XABIER RÍOS GONZÁLEZ

**TÉCNICO**

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

**SECRETARIA**

D. JOSE MIGUEL CAAMAÑO ROMERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 5 de xullo de 2017 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión, de data 7 de xuño de 2017, que se aprobou por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE S SOLICITUDES:**

**COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES**

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Julián Moure Portas, para colocación de columnas de cerre no lugar de Agro, Santa Mariña, Cornazo (Ref. Cat. Polg. 40, parcela 197), por canto se axustan ás condicións estéticas e tipolóxicas da Lei do Solo, así como respectan o retranqueo mínimo de 4 m. do eixo do camino. Comunícaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano. (Expte. 77/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Alicia Rodríguez García en representación de Dna. María Longo Rey, para execución de cerre de bloque e cemento, en separación de fincas colindantes, na Rúa Dona nº 4, Bamio (Ref. Cat. 0508101NH2200N0001FE), sempre e cando se respecten servidumes e/ou retranqueos mínimos a viais (de ser o caso).

Comunícaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano. (Expte. 223/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Ángel Luis Cajaraville Rivas, para arranxo de tellado e chapado de paredes de galpón na Rúa Cruz de Cornazo nº 9, Cornazo (Ref. Cat. 0045609NH2104N0001KB).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles**

cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 321/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Miguel Sineiro Santamaría en representación de COM. PROP. GUMERSINDO NARTALLO 17, para arranxo de fachadas en edificio situado na Rúa Gumersindo Nartallo nº 17 (Ref. Cat. 9560813NH1196S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 362/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Francisco Javier García García, para cerramento de balcóns con galería acristalada na rúa Camilo José Cela nº 2, 1º B (Ref. Cat. 8753009NH1185S0006EQ), tendo en conta as seguintes consideracións:

O peche de terraza tipo galería debe deixar practicables para ventilación de pezas vivideiras en proporción de 1/6 da superficie útil das que ventilen a través da mesma, **non podendo sobrepasar a liña de fachada do edificio, tanto na parte frontal coma na posterior**.

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 363/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Sergio Álvarez Lorenzo para renovación interior de piso situado na Rúa Castelao nº 24, baixo esquerda (Ref. Cat. 9159302NH1195N0001GG), tendo en conta as seguintes consideracións:

En calquera caso, respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunícaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 367/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Francisco Olivas Polan, para obras de impermeabilización de fachadas e limpeza de tellado en vivenda situada na rúa Bouza Xusta nº 8, Trabanca Badiña (Ref. Cat. 0865207NH2106N0001DI).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunícaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 368/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Victoriano Ameigeiras Alonso en representación de COM. PROP. ROSALÍA DE CASTRO 122-124, para reparación de fachadas e cubertas en inmovible situado na Avd. Rosalía de Castro nº 122-124, Carril (Ref. Cat. 9079004NH1197N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións

mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 372/17)

Informar favorablemente o desestimento solicitado por D. Antonio Pérez Faya, da comunicación previa para obras de renovación de cubrición de terraza sita en Paseo Costa Candamo nº 4-1º B, por canto consta no expediente informe da Arquitecta Técnica Municipal de data 30/11/2016, no que se indica que realizada visita ao inmovible en cuestión, compróbase que non se realizou a substitución de cerrado de terraza.

Déase conta ao Departamento de Recadación aos efectos de devolución do ICIO abonado no expediente de comunicación previa. (Expte. 489/16)

## LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente o desestimento da solicitude de licenza presentada por GAS GALICIA S.D.G., S.A., con data 7/12/2016, para obras de ampliación de rede de canalización de gas na Rúa Santiago nº 22, Carril, por canto consta no expediente informe do Enxeñeiro Técnico de data 16/01/2017 no que se indica que as obras non foron executadas. (Expte. 835/16)

Informar favorablemente o desestimento da solicitude de licenza presentada por D. Julián Moure Poras, con data 8/04/2014, para obras de colocación de columnas para peche de parcela situada no lugar do Agro, Santa Mariña, Cornazo, por canto consta no expediente informe da Arquitecta Técnica Municipal de data 30/03/2017 no que se indica que as obras non foron executadas. (Expte. 181/14)

Dáse conta do escrito presentado por Dna. María Teresa Mondragón Abalo, con data 3/05/2017, no que solicita unha prórroga para a execución das obras de construción de edificación complementaria situada na Rúa Rueiro nº 49-Guillán, que foron solicitadas mediante licenza de obra o 16/12/2015 e outorgada a licenza mediante Resolución de Alcaldía dictada coa data de 25/04/2016.

Vistos os informes técnico e xurídico emitidos ao respecto, infórmase favorablemente a concesión dunha prórroga dun ano para o remate das citadas obras. (Expte. 746/15)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. María Teresa Cores Abal para modificación da cota de acometida á rede de saneamento na Rúa Rosaleda nº 36, Sobradelo, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e

vixilancia.

- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de  $\varnothing$  160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados ao seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas. (Exp. 312/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. María Dolores Romanos Bao para modificación da cota de acometida á rede de saneamento na Rúa da Cubela nº 12, Cornazo, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de  $\varnothing$  160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados ao seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas. (Exp. 302/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Juan Rey Abelenda en representación de METALGRÁFICA GALLEGA S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Xílgaro s/n, consistentes na execución de 16 mts. de canalización con tubo de PVC  $\varnothing$  160 mm. en gabia de 0,2x1 m. de profundidade para subministro en B.T. de centro de seccionamento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. **Reposicións**  
A beirarrúa deberase repoñer coa mesma tipoloxía de loseta de bordillo, tomado con mortero e correctamente nivelado.
6. O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.

10. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
11. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
12. O pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
13. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
14. O promotor ten establecida unha fianza pola urbanización da Rúa Xílgaro (R.U. 238) e considérase suficiente. (Exp. 360/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Cristina Torres Caneda, para legalización de instalación de rótulo en local comercial situado na Rúa do Castro nº 13, baixo, de conformidade coa documentación achegada. (Expte. 179/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Juan Rey Abelenda en representación de METALGRÁFICA GALLEGA S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Xílgaro e Rúa nova apertura, consistentes na execución dunha liña soterrada de media tensión LMTS dende arqueta ata Centro de Seccionamento da Compañía. A canalización será de 103 m. de cable RHZ1-240 en canalización enterrada a una profundidade de 1,20 m. pola que irán 4 tubos de PVC  $\varnothing$  160 e un de  $\varnothing$  125 mm. de PEAD.

O centro de seccionamento instalarase no interior da parcela do solicitante e terá acceso directo dende o exterior á compañía subministradora.

As obras axustaranse ás seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras.
2. Estarase ao disposto no proxecto de urbanización aprobado polo Concello na rúa Xílgaro (R.U. 238) en todo o que lle puidera afectar.
3. O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
4. O promotor ten establecida unha fianza pola urbanización da Rúa Xílgaro (R.U. 238) e considérase suficiente. (Exp. 318/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María de la Cruz Lijó Bouzas en representación de AUGAMARE S.C., para instalación de toldo na Avda. Valentín Viqueira nº 6, baixo (Ref. Cat. 8484320NH1188S0001TQ), de conformidade coa documentación presentada.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 380/17).

Informar favorablemente a solicitude presentada polo MINISTERIO DEL INTERIOR – SERVICIO DE ACUARTELAMIENTO DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE LA GUARDIA CIVIL, para estabilización de talud no Grupo San Roque.

Con carácter previo ao inicio da obra, deberá achegar aceptación da dirección de obra por parte de Dna. María Ángeles Cayazzo Rodríguez e, se procedese, oficio de coordinador de seguridade e saúde.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 275/17 ).

## LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Nogueira García e Dna. Mónica Oubiña García, vistos os informes técnico e xurídico, para construción vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa da Lomba nº 10 - Bamio, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Ildefonso Estévez Martínez e Dna. Lucía Araujo Castiñeiras.

e documentación complementaria achegada. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Núcleo Periférico Grado 1 (NP1). Ordenanza específica nº 11
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m; 70%
4. Orzamento de execución material: 105.265,06 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 0508515NH2200N0001FE
6. Técnicos directores das obras:  
Arquitectos: D. Ildefonso Estévez Martínez e Dna. Lucía Araujo Castiñeiras.
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar:

- Proxecto de execución debidamente visado.
- Estudio de Seguridade e Saúde no que aparcerá reflectido a situación do guindastre, as súas características técnicas e o barrido da súa plúma.
- Oficios de Dirección de obra, dirección da execución material e de coordinador de seguridade e saúde.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp.31/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Sandra de Rada Arines, para as obras de acondicionamento de local para herboristería, en Rúa Romero Ortiz nº 2-3 Bx., vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, do Arquitecto D. Carlos Berride Abalo , visado polo Colexio Oficial correspondente coa data de 24/08/2016.

Conta coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mediante Resolución de data

10/05/2017.

- Consta no expediente oficio de nomeamento da dirección da execución da obra debidamente visado, sendo designado o Arquitecto D. Carlos Berride Abalo.
- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).
- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 599/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Juan Pablo Torres Lorenzo en representación de VARISALUD S.L., para as obras de acondicionamento de local para lavandería autoservicio, en Avda. Dr. Tourón nº 7 Bx., vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, dos Arquitectos D. Javier Rodríguez Penelas e Dna. Elda Seijo Amieiro, visado polo Colexio Oficial correspondente coa data de 28/11/2016.

- Consta no expediente oficio de nomeamento da dirección da execución da obra debidamente visado, sendo designado os Arquitectos D. Javier Rodríguez Penelas e Dna. Elda Seijo Amieiro.
- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).
- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 43/17)

## **LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS**

Informar favorablemente a comunicación previa – cambio de titularidade e documentación adxunta presentada por Dna. Consuelo Zaragoza García en representación de ZARAGOZA Y RIVAS C.B., para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir e toucado na Rúa O Castro nº 7 Bx. (Expte. 2016/66 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. María Chaves Millán, para o inicio e desenvolvemento da actividade de inmobiliaria na Rúa Edelmiro Trillo nº 1 Bx. B. (Expte. 2017/13 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Cristina Torres Caneda, para o inicio e desenvolvemento da actividade de servizos fotográficos na Rúa do Castro nº 13 Bx. – Galerías Fandiño. (Expte. 2017/20 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> José Rodríguez Ramos para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo



miúdo de toda clase de prendas de vestir e toucado na Rúa Arz. Andrade nº 11 Bx. (Expte. 2017/31 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Oscar Casal Barcala, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte na Rúa García Caamaño nº 7 Bx. (Expte. 2017/40 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa para cambio de titularidade e documentación adxunta presentada por D. Carlos Antonio González Díaz para o desenvolvemento da actividade de 2.7.2. Café-Bar, na Rúa Xoan Garcia nº 14, baixo as seguintes prescricións:

a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respectarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 29/06/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Aforo do local: 28 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 31/03/2017.

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

e) Traballará coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada.

f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.

g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.

h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

i) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.

j) O aparato de son actualmente existente (UNHA TELEVISION) modelo e marca LG 49LF510V, con nº de serie: 602MAWL20233, foi precintado pola Policía Local con data 13/06/2017 a 66.4 dB(A), para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro do citado aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que pudiera producirse.

k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é decir, á TELEVISION LG E O LIMITADOR DE SON, á que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.

l) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**

m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

q) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (Expte. 2017/18 trans. Clasif.)

## ASUNTOS VARIOS

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Begoña Cores Ferreiro, para instalación dunha terraza de 31,39 m<sup>2</sup>, una mampara e dous parasoles, vinculada ao establecemento CAFÉ-BAR CARRIL. situado na Pz. Da Liberdade nº 8 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación **total** de **31,39 m<sup>2</sup>** de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 36 persoas.
- Instalación de **1 mampara plegable de 2,30 m. le longo por 1,45 m. de altura.**
- Instalación **2 parasoles.**

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.

- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T-39/16 )

Informar favorablemente a solicitude de D. Carlos Marín Parada, para instalación dunha terraza de 5,4 m<sup>2</sup>, vinculada ao establecemento CAFÉ-BAR MAYPA situado na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 1 bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de **5,4 m<sup>2</sup>** de vía pública mediante a instalación de 2 veladores para un aforo de 6 persoas.
- No se solicitan nin mamparas nin parasoles.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunícaselle que se ten intención de amosar o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 22/17 )

Informar favorablemente a aprobación inicial do proxecto de equidistribución de reparcelación voluntaria da unidade de execución da UEI-21 do PXOM de Vilagarcía de Arousa na Avda. de Cambados esquina Rúa Pablo Picasso, presentado por D. Francisco Gago Rodriguez, en representación de MALLARIZO S.L., redactado polo Avogado D. Jaime Fernández-Posse Rosende e o Arquitecto D. Manuel J. Freijeiro Martínez.

Someter o expediente a información pública durante un prazo mínimo dun mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos periódicos de maior difusión da provincia.

Notificar individualmente aos propietarios e interesados no polígono.

Requirir ao interesado que proceda ó pago da taxa por tramitación do instrumento urbanístico, dado que non consta no expediente copia de dito pago.

Cara a aprobación definitiva, deberáse contemplar os seguintes aspectos:

- A) Deberanse aceptar polo órgano municipal que o aprobe definitivamente as cesións das parcelas que correspondan e terreos para viais e demais espazos públicos.
- B) Deberase advertir no acordo que haberá de constituírse unha entidade urbanística que se fará cargo da conservación futura da urbanización, coas formalidades notariais e rexistras do caso, e inscribirse no rexistro de entidades colaboradoras (sen esta condición non se recibiran as obras de urbanización nin se outorgaran licenzas de primeira ocupación) (Expte. UEI-21)

Informar favorablemente a aprobación inicial do Estudo de Detalle para ordenación de volúmenes en parcela de solo industrial de superficie superior a 3.000 m<sup>2</sup> na Avda. Das Carolinas s/n, presentado por D. Mario Viillanueva Ruiz, en representación de CAROLPARK S.L..

O expediente someterase a información pública durante o prazo mínimo dun mes (1 mes) mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, en un dos xornais de maior

difusión da provincia e notificárase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Solicítase informe ós organismos sectoriais afectados, segundo os informes técnicos:

- Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, por afección da estrada N-640.
- Augas de Galicia, ao estar a menos de 100 m. do río Con.
- Consellería de Industria e empresa suministradora, pola servidume de paso subterránea de enerxía eléctrica imposta polas redes de alta tensión que discorren pola parcela. (Exp. R.U. 242)

Informar favorablemente a aprobación inicial do proxecto de urbanización en desenvolvemento da UEI N° 21 do PXOM de Vilagarcía de Arousa, promovido por D. Francisco Gago Rodríguez en representación de MALLARIZO S.L., redactado polo Arquitecto D. Manuel J. Freijeiro Martínez.

- Someter o expediente a información pública durante un prazo mínimo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia en un dos xornais de maior difusión na provincia así como notificación individualizada aos propietarios afectados Artigo 226.2° do RLSG).
- Solicitar informe ós organismos sectoriais afectados, que segundo se indica no informe do Arquitecto Municipal de data 23/06/2017 serán a Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia do Ministerio de Fomento por afección da estrada N-640 e a Axencia Galega de Infraestruturas por afección da estrada de titularidade autonómica PO 549.
- solicitar informe ás empresas suministradoras e distribuidoras dos servizos, para que se pronuncien sobre as medidas necesarias a adoptar no proxecto considerando as infraestruturas e os servizos existentes e previstos segundo o plan. O citado informe deberá emitirse no prazo máximo dun mes (1 mes) segundo se indica no art. 226.1° do Regulamento da Lei do Solo.

Cara a aprobación definitiva deberían contemplarse os seguintes aspectos:

- - Necesidade de prestar pola promotora aval dun 10% do Orzamento de Execución Material
- - Necesidade de que polo órgano municipal competente se acepte a cesión das parcelas que correspondan ao Concello e terreos afectados pola traza viaria e demais espazos públicos. (Exp. R.U. 243)

## **ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Ríos González pregunta se se sabe se vai montarse algo na parcela de Carolpark.

O Sr. Arquitecto contestalle que non hay nada solicitado.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.